

Información do Concurso Xeral de Traslados

Prazos e datas:

Publicación o 4 de novembro

Participación: do 5 ao 25 de novembro, ambos incluídos.

Non hai aínda datas para as resolucións, nin provisional nin definitiva.

A ter en conta:

- 👤 O CXT 2025/26 é de ámbito galego.
- 👤 Obriga de participar: todo o profesorado sen destino definitivo así como aquel con destino definitivo que teña previsto solicitar para o curso seguinte comisión de servizos por conciliación ou saúde.
- 👤 O funcionariado en prácticas participa con cero puntos, ordenado pola nota do concurso-oposición. Coa seguinte novidade: “quen estean no segundo ano de prácticas por permisos de nacemento/adopción/acollemento que *impediron* superar o primeiro ano a adxudicación farase por baremo de méritos.” Solicitamos que se mellore a redacción, xa que semella que vai contra a flexibilización, **confirman que o van analizar.**
- 👤 O **sistema de petición de vacantes é diferente ao CADP.** No CXT non se pode, na mesma petición, solicitar no mesmo centro praza ordinaria e con itinerancia ou perfil bilingüe, sendo obrigatorio facer unha petición por cada perfil diferente da praza.
- 👤 Ao ser concurso galego poderanse incluír 500 peticións en mestras e 400 nos outros corpos.
- 👤 Só se pode participar por medios electrónicos e con rexistro único en sede.xunta.gal
- 👤 As únicas excepcións serán documentos en formatos non admitidos na sede electrónica ou que excedan dos tamaños máximos permitidos
- 👤 Haberá dous procedementos electrónicos específicos:
 - 👤 ED012A para participar no CXT
 - 👤 ED011A (baremo) só no caso de que se queira actualizar ou modificar o expediente (alegar ou presentar de novo a documentación para o baremo)
- 👤 Para as publicacións (libros ou revistas) **non** se teñen que achegar orixinais, **só copia da portada e da contraportada** xunto co certificado correspondente.
- 👤 Poderán ofertarse vacantes nos CIFP para especialidades do corpo de PES para impartir módulos da FP Básica, Inglés Profesional ou Habilidades Comunicativas en Lingua Estranxeira. Poderán adxudicarse de oficio.

Outras convocatorias

Solicitamos información sobre vacantes nas **EPAPU** e nos **Equipos de Orientación Específicos** para poder valorar se é preciso convocar ou non. A administración dinos que para EPAPU hai 2 prazas de primaria e 14 de secundaria para o Concurso de adultos, **co cal este ano non haberá concurso pero si se garante que o haberá para o ano que vén.**

Vacantes e prazos

Transparencia na publicación das prazas estruturais e vacantes. As vacantes deben ser coñecidas antes de que remate o prazo de presentación das instancias, e para iso sería fundamental ter identificadas as prazas estruturais e non estruturais. Polo que a CIG-Ensino volveu a demandar, como leva facendo nos últimos anos, que

se traía á mesa sectorial unha listaxe das prazas de todos os centros para facer unha revisión e determinar cales teñen carácter estrutural, para posteriormente nas negociacións que se levan nas Xuntas de Persoal se determine que prazas teñen que cubrirse no CXT como vacantes ou resultas.

Comprometéronse a enviar as vacantes estruturais.

Determinación da especialidade das prazas a ofertar. Existen determinadas prazas que poderían ofertarse por máis dunha especialidade. Este ano os cambios introducidos nas **especialidades que imparten en FP** implica que se debe ter unha especial atención. Isto tamén se produce en **especialidades de Artes Plásticas e Deseño** ou entre **Latín e Grego**. Debe regularse con claridade a determinación da especialidade pola que se debe ofertar unha praza.

Garantir a máxima mobilidade é dar maior estabilidade aos centros. O obxectivo acadado pola CIG-Ensino no ano 2018, desbloqueando centos de prazas que estaban vacantes e non se ofertaban no CXT, viuse parcialmente entorpecido ao deixarse de novo todo en mans das direccións territoriais, que non cumpren o que se recolleu en acta por aquel entón como criterios para establecer se unha praza tiña que saír ou non. Queremos un sistema de máximo control e que saian todas as prazas.

Que todas as vacantes teñan perfil lingüístico galego. O perfil lingüístico ten unha especial relevancia cando o concurso é de ámbito estatal, polo tanto este ano non é algo fundamental, aínda así a CIG-Ensino considera que se debe dar un paso adiante e fixar o requisito de coñecemento da nosa lingua en todas as especialidades de todos os corpos e non só nas que o teñen a día de hoxe (Infantil, Primaria e Ciencias Sociais do Corpo de Mestres, Xeografía e Historia e Bioloxía e Xeoloxía de PES, así como todas as específicas da FP e as de cátedras de música e artes escénicas).

Corpo de mestres. Cubrir todas as **prazas catalogadas** nos colexios de Infantil e Primaria e **crear as aulas habilitadas** para incorporalas neste concurso. Demandamos información actualizada das que hai a día de hoxe así como o tempo que levan baixo esta figura transitoria. Unha aula non debería estar habilitada durante máis de dous ou tres cursos.

Itinerancias de PT. Nos IES non hai itinerancias para prazas definitivas no CXT, por iso debe retirarse a referencia aos IES no apartado de itinerancias da base 2ª.

Prazas de oficio en Centros de Educación Especial.

Demandamos que non se adxudiquen de oficio nos CEE prazas de especialidade do corpo de mestres diferentes a PT e AL (a día de hoxe hai catalogadas prazas de EM e EF en varios CEE).

Prazas nos CRA. Solicitamos que todas as prazas dos CRA (tamén EP e EI) sexan itinerantes a efectos do concurso de traslados.

Outras cuestións xerais

Adxudicación de oficio. Seguimos a reclamar que a **colocación de oficio** estea limitada á **especialidade pola que se opositou**. Solicitamos que tampouco se adxudiquen de oficio as prazas de PES para impartir os módulos da FP Básica, Inglés Profesional ou Habilidades Comunicativas en Lingua Estranxeira.

Habilitación en Primaria con carácter voluntario.

Esta habilitación faise de oficio por parte da Consellaría. Hai mestras e mestres que non teñen interese nela e que consideran unha desvantaxe que poidan ser obrigadas a impartila ou optar a un destino por ela se son suprimidas. Hai dous anos a Consellaría afirmou que ía reflexionar sobre esta proposta e recoñece que non ten interese en que profesorado de, por exemplo, PT ou AL teñan destino de oficio en Primaria. Alegaba que iso implicaba un cambio na xestión interna da Consellaría. Pasado o tempo e nada de nada.

Comisión de avaliación.

Demandamos que o ámbito xeográfico da comisión de avaliación se estenda fóra da cidade de Compostela, como mínimo á súa área de influencia. Non debe haber nomeamento a dedo e todos deben ser a sorteo.

Solicitamos que os membros das comisións sexan substituídos desde o primeiro día no seu centro de destino.

Prazas con perfil bilingüe. Denunciamos un ano máis que **non existe control sobre elas**, adxudicando prazas nas que mesmo despois se deixa de impartir aulas nese idioma ou que só ten unha parte mínima do horario con perfil bilingüe. A CIG-Ensino é partidaria de que estas prazas, de existiren, **deben estar catalogadas, tendo en conta o profesorado definitivo** de cada centro e, de non habelo, con destinos provisionais.

Baremo

Debe puntuarse a **substitución de cargos directivos e coordinación** de ciclos ou xefaturas de departamentos. É un aspecto totalmente discriminatorio e inxusto.

Que puntúen todas as coordinacións. Para iso entendemos que só sería preciso que se indicase no apartado 4.3 que se puntúan “outras figuras análogas”. Neste momento non se puntúan nin se retribúen varias coordinacións.

Recoñecemento a todos os efectos (económicos e de puntuación) da **xefatura de departamentos das segundas linguas estranxeiras** diferentes do francés, única recollida actualmente (portugués, alemán). Tamén de departamentos de ámbitos na FP Básica en CIFP ou de familia profesional en CEE. Tampouco puntúan a responsabilidade de biblioteca ou de comedor. **Van revisar cales poden incluír.**

Apartado 1.2. Antigüidade no corpo. Mantemos a nosa discrepancia con que o profesorado de linguas do corpo de PES que impartiu nas EOI non se lle puntúe debidamente cando tivo que impartir neses centros obrigatoriamente.

Responsábeis de centros de menos de 3 unidades. Que se articule unha solución para que se teña en conta a puntuación que merecen estas persoas responsábeis.

Apartado 3.1.4. Pedimos aclaración sobre a puntuación polo **premio extraordinario** no doutoramento, na licenciatura ou grao, entre outros. No caso de haber máis dunha titulación con premio extraordinario puntuaría as dúas ou só unha.

Aínda que o ano pasado na mesa dixeran que o ían valorar ao final decidiron que só puntuaría un, e é a posición que manteñen este ano.

Apartado 6. Outros méritos. Puntuación de composicións. Hai xa varios anos que levamos

indicándolle á Consellaría que debe aclarar que facer en casos como os seguintes:

Malia que non se recollen no título deste epígrafe a mención expresa a **méritos relacionados coa artes dramáticas e audiovisuais**, seguimos entendendo que teñen cabida nel e mais cando agora que se mencionan espectáculos teatrais ou circenses. Cando se fala de actuacións, de actores e actrices non se debe limitar esa participación a unha sala de teatro ou de ópera. Todo traballo de interpretación, sexa co formato que sexa, debe ser baremado e debe recollerse no anexo cos criterios de valoración. Así, unha actuación como actor ou actriz, como director ou directora, pode selo nun espectáculo teatral, televisivo ou cinematográfico.

Puntúan as composicións estreadas, tanto se están publicadas como se non o están?. Defendemos que se poida puntuar todo mérito artístico e fixar criterios claros. No caso das publicadas debe esixirse o ISMN como nas publicacións.

Seguimos sen resposta sobre as publicacións feitas no estranxeiro, porque poden non ter Depósito Legal ou ISBN e non se están puntuando. Non parece axeitado excluílas. Debe esixirse o requisito equivalente en cada país.

Apartado 6.5. Participación nos tribunais. Esta puntuación debe estar vinculada a formar parte dos tribunais por sorteo.

Novo apartado 6.7. Coñecemento da lingua galega: hai comunidades con lingua propia que teñen desenvolvido este apartado. En Navarra pódense acadar 3 puntos; no País Valenciano 5 puntos. Potenciemos a formación de calidade na nosa lingua entre o profesorado e incorporemos ese recoñecemento nos méritos do CXT.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal

RECTIFICAR RECUPERAR RECOÑECER

A CONSELLARÍA
DEBE
RECTIFICAR

O PROFESORADO
MERECE
RECUPERAR

A CONSELLERÍA
DEBE
RECOÑECER

28-29 de outubro



Folga Xeral



Profesorado en loita!